

## LEMBRE

**A práctica da  
autoprotección polos  
cidadáns, ademais de  
favorecer a cada un deles,  
xera a seguridade do  
colectivo.**

**Ante calquera  
situación de emerxencia  
chame ao teléfono**

O sistema de protección civil recolle e xera información sobre os previsibles fenómenos meteorolóxicos adversos e, unha vez avaliados os posibles riscos en función dos seus efectos, decide activar a situación de alerta.

Escoite as emisoras de radio e televisión e siga as recomendacións dadas polas autoridades de Protección Civil.

emerxencias **112** GALICIA

**Para máis información  
[www.112sosgalicia.org](http://www.112sosgalicia.org)**



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E  
XUSTIZA

Dirección Xeral de Protección Civil

# NEVADAS



## ■ Nevadas máis salientables en Galicia.

ANO	Nº de veces activado o Plan Nega*
2002	2
2003	1
2004	2
2005	1

\*Nota: Activase o plan cando hai indicios de superar os limiares meteorolóxicos seguintes:

Metros de altitude	Neve acumulativa
Por debaixo de 200 m	2 cm de espesor
Entre 200 e 800 m	5 cm de espesor
Entre 800 e 1200 m	10 cm de espesor

## QUE FACER EN CASO DE EMERXENCIA

Se se avestiña un temporal de neve, siga estes consellos:

### Antes da chegada das nevadas

- Almacene alimentos e combustibles.
- Dispoña dunha caixa de urxencias cos medicamentos que precise de xeito cotián.
- Provéxase de roupa e calzado axeitado.
- Comprobe o estado da súa vivenda, especialmente o tellado e o sistema de calefacción.
- Dispoña de radio con pilas suficientes para estar informado.
- Teña á man candeas e lanternas.

### Durante as nevadas

#### Medidas de carácter xeral

- Só utilice o teléfono para chamadas de urxencia.
- Non propague rumores sobre a situación.
- Desconecte todos os aparatos eléctricos que non sexan necesarios.

- Manteña abertas as billas para evitar a conxelación das tuberías.
- Evite que as persoas maiores saian á rúa.

#### Aos automobilistas

- Evitar a viaxe sempre que non sexa necesaria e procure non viaxar só.
- Se vai emprender unha viaxe infórmese do estado das estradas.
- Leve sempre cheo o depósito.
- Revise freos, pneumáticos, luces, líquido anticongelante e leve cadeas.
- Circule con precaución, non free en zonas xeadas nin faga cambios bruscos de dirección.
- Se o temporal lle sorprende dentro do coche e lonxe dun pobo ou zona de aloxamento, permaneza dentro do coche. Se o mantén en marcha coa calefacción posta, deixe unha fiestra entreaberta para renovar o aire e evitar intoxicacións.
- Manteña limpo de neve o tubo de escape.